

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 22/04/2007 POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE PRACTICAS DAS LICENCIATURAS DE XORNALISMO E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL EN DEPENDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO**

A Universidade de Santiago de Compostela ven tradicionalmente proporcionando aos seus estudantes de Xornalismo e Comunicación Audiovisual a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos e actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos.

A Facultade de Ciencias da Comunicación da USC ten establecido dentro dos planos de estudos das titulacións que imparte a realización de prácticas dos seus estudantes en empresas e institucións. Estas prácticas constarán de 30 horas semanais durante os periodos non lectivos, mentres que durante o período lectivo, a dedicación máxima será de 15 horas. Computarase un crédito por cada trinta horas de prácticas realizadas, sen poder superar os límites que, para estes efectos, establecen os planos de estudio.

A propia Universidade conta con un servizo de Comunicación, o Gabinete de Comunicación, que se configura coma unha unidade de produción, elaboración e distribución de información en diversos soportes e dirixida a públicos tamén diversos, sobre aquelas temáticas propias da universidade, editando cada día o Xornal Electrónico, facendo a cobertura informativa dos eventos que teñen lugar na Universidade, nos campus de Santiago e Lugo, polo que pode ser un dos destinos, para a realización das prácticas, dos estudantes das Licenciaturas de Xornalismo e Comunicación Audiovisual. Neste senso, en virtude desta Resolución autorízase á incorporación de estudantes destas titulacións a este Servizo universitario, incorporación que se realizará de xeito experimental nos próximos dous cursos e, de ser a experiencia proveitosa, realizarase unha nova autorización definitiva para os vindeiros cursos.

En virtude do anterior esta Reitoría, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Autorízase a que os estudantes das Licenciaturas de Xornalismo e Comunicación Audiovisual realicen prácticas nas dependencias do Gabinete de Comunicación da propia Universidade. Este Servizo acollerá a tres estudantes, dous en Santiago e un en Lugo, durante os cursos 2007-2008 e 2008-2009. As prácticas centraranse prioritariamente en actividades vinculadas á Vicerreitoría de Cultura.

**SEGUNDO.-** A adscrición dos estudantes en prácticas farase de mutuo acordo polos responsables de Prácticas da Facultade de Ciencias da Comunicación e o xefe do Gabinete de Comunicación .

**TERCEIRO.-** As prácticas, para os estudantes que se designen, estará coordinadas conxuntamente pola Facultade de Ciencias da Comunicación e o xefe do Gabinete de

Comunicación da Universidade

**CUARTO.**- Ao remate de cada período de Practicas os estudantes deberán elaborar unha memoria final sobre o traballo realizado. Ademais os titores do Gabinete de Comunicación elaborarán un informe sobre a actuación dos estudantes. Este informe servirá como certificación da realización de prácticas dos estudantes

**QUINTO.**- Os profesionais do Gabinete de Comunicación orientaran e asesoraran individualmente a cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades facilitando a participación nos procesos de traballo que estean a realizar.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado, segundo os criterios fixados polos responsables universitarios das prácticas.

**SEXTO.**- A realización destas prácticas non supón ningún tipo relación laboral. A Universidade dotará a estada dos meses de xullo, agosto e setembro, cunha bolsa de estudos de, como mínimo, 380€ mensuais. Durante o período lectivo a bolsa de estudos será de, como mínimo, 190€ mensuais. Estas retribucións faranse con cargo á partida orzamentaria: 8035.1201.22800, da Vicerreitoría de Cultura.

Os estudantes en prácticas respectará en todo momento a actividade profesional do persoal do Gabinete de Comunicación e dos Servizos e unidades administrativas da universidade, así como a confidencialidade dos asuntos de que coñezan e o máximo respecto coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen. Na realización das practicas os estudantes están cubertos polo seguro escolar.

**SETIMO.**-Esta resolución será de aplicación para a realización de Prácticas dos estudantes da Facultade de Ciencias da Comunicación no gabinete de Comunicación da Universidade, nos cursos académicos 2007-2008 e 2008-2009. Para sucesivos cursos será necesario unha nova autorización expresa e explícita, sen que se entenda automaticamente renovada a presente Resolución.

Santiago de Compostela, 22/04/2008

O REITOR

  
Senén Barro Ameneiro